



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO.

#### SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO
------------	----------------------------------

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e nove de abril de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

#### ORDE DO DÍA

#### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día catorce de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

#### **2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacóns previas.**

2.1.- Instancia núm. 201400000000985 de dona Mª Dolores Iglesias Gacio.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de construcción de piares para a colocación de dous portais de acceso á finca (Expediente núm. 2014/U009/000051), no lugar de Cibrán, en solo cualificado como solo urbanizable segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- A distancia mínima para a instalación do portal será a que fixe a Deputación Provincial de A Coruña para a situada na cara norte da parcela e de 10,50 m do eixo para a que se sitúa xunto ao campo da festa.

Respectarase o linde coa parcela municipal na que se atopa a escola unitaria e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.2.- Instancia núm. 201500000000366 de don José Angel Albela Albela.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón), solicita licenza para obras de construcción de superficie cuberta de 15 m<sup>2</sup> para albergar un galiñeiro en Caxaraville -San Miguel de Sarandón (expediente núm.: 2015/U008/000004), en solo cualificado como solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A50600907.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construirase de acordo co proxecto presentado e dado que a edificación está afectada polo paso da estrada AC-240 polo que será necesaria a autorización previa da Xunta de Galicia.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con dezaoito céntimos (#74,18#).

### 2.3.- Instancia núm. 20150000000391 de don Antonio Barros Araújo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón , solicita licenza para obras de legalización de alboio situado en Ribeira-San Pedro de Sarandón) (expediente núm.: 2015/U008/000005), en solo cualificado como solo de núcleo rural (N1) segundo o vixente PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, altura máxima da cornixa menor a 3,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado cun orzamento de 3.025,20 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001300300NH43C.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.-Construirase de acuerdo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, deberase proceder ao enfuscado e pintado de fachadas e a cor a utilizar harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zonza.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta euros con cincuenta céntimos (#60,50#).

### 2.4.- Instancia núm. 20150000000410 de don Manuel Rey Mareque.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para proceder á parcelación da finca núm. 298 do plano do acordo de concentración parcelaria de Sarandón (Ref. Catastral 001301100NH43C0000UE), situada en Ribeira, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de protección agropecuaria (R-2), en tres parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico presentado redactado polo enxeñeiro técnico don José Manuel Pena Alonso.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación solicitada, nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de cento oitenta (#180,00#) euros.

**2.5.- Comunicación previa de don Benigno Tamargo Fernández. (Expediente núm. 2015/U017/000005)**

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000005 de comunicación previa presentada por don Benigno Tamargo Fernández para azulexado de dous cuartos de baño, cunha superficie aproximada de 40 m<sup>2</sup>, en vivenda existente situada en Laraño nº 29 –San Xián de Sales, cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

**2.6.- Comunicación previa de don Juan Torre Sánchez. (Expediente número 2015/U017/000015)**

Expediente número 2015/U017/000015 de comunicación previa presentada por don Juan Torre Sánchez para acondicionamento de finca e pavimentación entrada e entorno da vivenda, de aproximadamente 600 m<sup>2</sup>, en Outeiro –Santa Cruz de Ribadulla cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos oitenta euros con setenta e catro céntimos (#380,74#).

**2.7.- Comunicación previa de don José Louzao Gamallo. (Expediente número 2015/U017/000008)**

Dáse conta do expediente núm. 2015/U017/000008 de comunicación previa presentada por don José Louzao Gamallo para construcción de cerramento, con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 50 metros de lonxitude, en Socastro –San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

**2.8.- Comunicación previa de don José María Couto Mendoza. (Expediente núm. 2015/U017/000011)**



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta do expediente número 2015/U017/000011 de comunicación previa presentada por don José María Couto Mendoza para canalización para conexión co rexistro de saneamento, de aproximadamente 3 metros de lonxitude, no lugar de Paradela nº 7 –San Xián de Sales, cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: para a execución da acometida construirase unha arqueta de rexistro pegada á liña de peche e situada na vía pública.

O conduto irá transversal á rúa dende a arqueta ata o sumidoiro ou preferiblemente ao pozo do rexistro: tanto a arqueta como o conduto terán sección suficiente para permitir o seu correcto funcionamento. Á acometida deberán conducir separadamente as augas pluviais e as residuais. O efluente deberá reunir as condicións físi-co-químicas que se especifican no regulamento de vertidos municipal.

A arqueta deberá ser dun deseño e forma que permita a toma de mostras do efluínte e deberase proceder á reposición do pavimento deixándoo nas mesmas condicións nas que se atopaba.

Así mesmo acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidad de cincuenta (#50,00#) euros.

### 2.9.- Comunicación previa de don Pablo Priegue Leis. (Expediente núm. 2015/U017/000017)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000017 de comunicación previa presentada por don Pablo Priegue Leis para construcción de cerramento de parcela, de aproximadamente 15 metros de lonxitude, con base de bloque, postes e arame, en Viñopequeno –San Andrés de Illobre, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidad de cincuenta (#50,00#) euros.

### 2.10.- Comunicación previa de dona Lourdes Insua Senín. (Expediente núm. 2015/U017/000019)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000019 de comunicación previa presentada por dona Lourdes Insua Senín para construcción de cerramento de parcela, de aproximadamente 220 metros de lonxitude, con base de bloque, postes e arame, en Nande nº 47 –San Fins de Sales, cun prazo de execución dun ano.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidad de cento cincuenta e cinco euros con vinte e un céntimos (#155,21#) euros.

### 2.11.- Comunicación previa de dona Gloria Ferreiro Collazo. (Expediente núm. 2015/U017/000020)

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000020 de comunicación previa presentada por dona Gloria Ferreiro Collazo para rehabilitación de vivenda consistente en pintar a fachada máis o lateral derecho, nunha superficie aproximada de 100 m<sup>2</sup>, en Cornado –San Fins de Sales, cun prazo de execución dun ano.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

**2.12.- Comunicación previa de don David García Boquete. (Expediente núm. 2015/U017/000014)**

Dáse conta do expediente número 2015/U017/000014 de comunicación previa presentada por don David García Boquete para rehabilitación de muro de pedra, reponendo algunha que caeu, dunha lonxitude aproximada de 5 metros, en Romarís – San Xián de Sales, cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno toma coñecemento da mencionada comunicación previa e acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

**3- Comunicación previa de cambio de titularidade de apertura. (Expte. número 2015/U016/000003).**

Dáse conta da comunicación previa presentada por dona Pilar Mera Sánchez, de cambio de titularidade de licenza de TABERNA denominada comercialmente CAFÉ-BAR MERA emprazada en Gatente nº 12 -San Andrés de Trobe, sobre da parcela con referencia catastral 002201400NH43E0001LX .(Expte. número 2015/U016/000003).

A Xunta de Goberno, tendo en conta que, segundo o manifestado na comunicación previa presentada, esta transmisión non implica unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigo do establecemento, toma coñecemento da mesma e do novo titular; así coma do cambio de denominación comercial. Dáse conta tamén do ingreso das taxas correspondentes na tesourería municipal.

**4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas de emerxencia social.**

**4.1.- Escrito núm. 20150000000510 de don Manuel Couto Pazos.**

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita unha axuda de emerxencia social para a reposición de electrodomésticos de primeira necesidade debido a incendio fortuito no anexo á vivenda.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda, con cargo ao programa de emerxencia social, por importe de mil cento sesenta e dous euros con oitenta e un céntimos (#1.162,81#).

**4.2.- Escrito núm. 20150000000511 de don Luís Zas Oca.**

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita unha axuda de emerxencia social para o alugamento de vivenda e suministro eléctrico.

A Xunta de Goberno, á vista e de acuerdo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda, con cargo ao programa de emerxencia social, por importe de trescentos vinte (#320,00#) euros para gastos de alugamento de vivenda e trinta e catro euros con cincuenta céntimos (#34,50#) para gastos de electricidade.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### 4.3.- Escrito núm. 201500000000512 de don José Manuel Gómez Hermida.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita unha axuda de emerxencia social para a cobertura de necesidades básicas e adquisición de electrodomésticos (quentador de auga).

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda, con cargo ao programa de emerxencia social, por importe de catrocentos setenta e catro euros con cincuenta e un céntimos (#474,51#) para a cobertura de necesidades básicas e trescentos noventa euros (#390,00) para a adquisición de electrodomésticos.

### 4.4.- Escrito núm. 201500000000514 de don Manuel Pérez Lema.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita unha axuda de emerxencia social para gastos de alugamento de vivenda e subministro eléctrico.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda, con cargo ao programa de emerxencia social, por importe de cincocentos (#500,00#) euros para o alugamento da vivenda e cento setenta e un euros con catro céntimos (#171,04#) para gastos de electricidade.

## 5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acreedor	Descripción
2015168	01/04/2015	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento do alumeadoo público municipal mes marzo
RMB/15-0200	08/04/2015	150,00	Femp	Cota do Concello de Vedra do ano 2015 por socio da <i>Rede de Gobernos Locais+Biodiversidade</i>
N15-773	12/03/2015	184,00	Hércules de Ediciones, S.L.	Tomo 9 da obra <i>Historia de Galicia</i> en galego para a biblioteca municipal
111/2015	31/03/2015	2.643,49	Construcciones Icafer, S.L.	Subministro e colocación de cerrado na pista polideportiva de San Andrés de Illobre
112/2015	31/03/2015	774,23	Construcciones Icafer, S.L.	Pintado do local social e aseos da parroquia de San Fins de Sales
5/15	14/04/2015	319,00	Guerra Neira Juan	Pinchos servidos o día 12 de abril na <i>Festa do Viño 2015</i> para atencións protocolarias coas autoridades asistentes
2015/276	31/03/2015	10,91	Pérez Fernández Manuel - Registro Propiedad 1 Santiago	Nota simple emitida o día 26/03/2015 (referencia T74TZ00C) para o departamento de urbanismo



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1024/15	14/04/2015	1.802,90	Sonen - Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicaciones	Subministro de elementos para acondicionamiento acústico do CEIP de Santa Cruz. Importe da 2ª certificación e final (50% restante)
1501020537	01/04/2015	221,55	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes abril
2015/025	07/04/2015	4.999,72	Xestedec Comunicación	Subministro de equipamento (20 mesas e 100 cadeiras) para a programación cultural municipal (adxudicado por RA 125/2015)
2015/023	07/04/2015	72,60	Xestedec Comunicación	Impresión de 500 tickets de aluguer de bicicletas para a <i>Ruta Cicloturística de Vedra</i>
2015/024	07/04/2015	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de abril (núm. 187/2015)
2015/022	07/04/2015	135,52	Xestedec Comunicación	Impresión 500 tickets para <i>Romaría da Terceira Idade 2015</i> e 2 vinilos para o <i>Stand turístico de Vedra en Fontes do Sar</i>
0455000005 15FAC	01/04/2015	7.254,80	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio para a dependencia durante o mes de marzo (horas ordinarias e festivas)
0455000006 15FAC	01/04/2015	3.402,67	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio durante o mes de marzo (libre concorrenza)
2015/0859	31/03/2015	7.179,93	Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos mes marzo 2015
113//15	31/03/2015	188,57	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Repostos para vehículo contra incendios 1106F, maquinaria da brigada verde e remolque da brigada de obras e reparación de rozadora
840275978	24/03/2015	64,06	Ricoh España, SLU	Fotocopias de cor realizadas na máquina das oficinas xerais período 01/12/2014 a 28/02/2015 (lectura estimada)
B/1122081	16/04/2015	16,94	Dinahosting, S.L.	Renovación do dominio <i>concellovedra.com</i> por un ano (26/04/2015 - 26/04/2016)
A/102	31/03/2015	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial mes marzo
15/000044	30/03/2015	28,19	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para reparacións no CPI de Vedra subministrados en marzo
15/000043	30/03/2015	40,41	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para instalación de marquesíña en Pazos-Santa Cruz subministrados en marzo
15/000045	30/03/2015	309,64	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras na vía pública no lugar de Ferreira e no campo da festa de San Fins servidos en marzo
149 FRAS.	27/03/2015	17.540,2	Gas Natural S.U.R.	Subministro a iluminación pública



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



		7 SDG, S.A.	meses xaneiro e febreiro
30 FRAS.	27/03/2015	6.350,78 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a edificios educativos e culturais, centros saúde, bombeos rede sumidoiros, punto limpo, ludoteca, nave de Trobe, sede Protección Civil e outros locais municipais meses xaneiro e febreiro
TA4ZI00230 72	19/04/2015	22,19 Telefonica de España, SAU- Movistar	Servizo de fax no departamento de Servizos Socias mes abril (consumo mes marzo)
Liquidación	18/04/2015	370,37 Fontan Castaño Raquel	Actuación musical na festa da Terceira Idade celebrada o día 18/04/2015
F-004/2015	11/02/2015	90,00 Carrillo Dominguez Severo	Produtos subministrados en febreiro para atencións protocolarias
15 28	31/03/2015	17.198,9 Reparaciones Sinde 4 , S.L.	Fabricación de 50 taboleiros informativos co anagrama do Concello para instalación nas vías públicas (R.A. 138/2015)
4001528667	31/03/2015	814,67 S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa (reparto boletín municipal de dous meses) prestados en marzo
86	20/04/2015	139,15 Dixitalcor 2011, S.L.	Subministro de cartel anunciador de licenza de obra particular para urbanismo (gasto a repercutir no interesado)
504/5	16/04/2015	726,00 Alquimao S.L.	Servizo de entrega e retirada de catro sanitarios no recinto de celebración da <i>Festa do Viño 2015</i>
101797	15/04/2015	695,17 Hierros Diego, S.L.	Materiais para a fabricación de reixas varandas para instalar nas vías públicas municipais subministrados en abril
023//15	31/03/2015	1.186,10 Reparaciones Sinde , S.L.	Reparación de camión recollida lixo, tractores, rozadoras, furgoneta de obras e outros nos meses de xaneiro a marzo
Emit- 15002312	22/04/2015	1.894,74 Baygar, S.L.	Colocación valado de madeira de pino tratado en camiño público da vía do tren en Eiravedra (Sol)-Santa Cruz
Emit- 15002313	22/04/2015	5.414,02 Baygar, S.L.	Ampliación obra colocación valado de madeira de pino tratado en camiño público vía do tren en Eiravedra (Sol)-Santa Cruz
2015/029	16/04/2015	2.000,00 Xestedec Comunicación	Impresión e confección de paneis ( <i>Os Bolechas van a Vedra</i> ) para a exposición Feiravedra 2015 e itinerante en colexios por Galicia
2015/030	16/04/2015	360,58 Xestedec Comunicación	Servizos prestados para a montaxe da exposición <i>Feiravedra 2015</i>
38	20/04/2015	136,44 García García, S.C.	Produtos subministrados para atencións protocolarias da actividade



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Teatrofilia 2015			
CI07727488 79	15/04/2015	1.412,25	Vodafone España, S.A.U.
			Servizos de telefonía móvil e fixa prestados no período do 15/03/2015 ao 14/04/2015
A-686	31/03/2015	300,30	Autocares Mougan S.L.
			Servizo de autocar prestado en marzo para actividades realizadas na programación das XX Xornadas Arredor da Camelia
FP 11505291	15/04/2015	453,22	Paz Dismac, S.L.
			Material de oficina subministrado en abril
Liquidación	27/04/2015	86,42	Brocos Vieiro David
			Axudas de custo e quilometraxe por voluntariado prestado os días 20 e 22/03/2015 para atención do stand de Vedra en Turexpo (Silleda)
Liquidación	27/04/2015	43,21	Vieiro Cebeiro Yolanda
			Axuda de custo e quilometraxe por voluntariado prestado o día 21/03/2015 para atención do stand de Vedra en Turexpo (Silleda)
840284427	06/04/2015	355,22	Ricoh España, SLU
			Cargo mínimo por fotocopias realizadas nas máquinas de servizos sociais e das oficinas xerais mes abril
1501127743 99/ 1073155124	27/04/2015	431,62	Deputación Provincial da Coruña
			Taxa provincial para autorización da obra municipal de abastecemento de auga en Agrelo e Rozadela pola estrada provincial DP 8902 (Sol-Ponte de Sarandón)
2183120400 68	11/11/2014	729,10	Unión Fenosa Distribución, S.A.
			Liquidación dos dereitos de acometida para conexión eléctrica en Tomonde-Santa Cruz (subministro ao campo de fútbol)
11	27/04/2015	1.340,90	Núñez Rúa Manuel- Claudio O Terrón
			Produtos para a limpeza e aseo do centro saúde, colexios, escolas, biblioteca, antigo xulgado e ludoteca e para a Ruta BTT e outros, subministrados durante o 1T/2015
2	11/03/2015	1.312,85	Construcciones Canicoba, SL
			Arranxo danos provocados polas obras na estrada provincial DP8901 Gaiosa-Sarandón
Liquidación		244,06	Membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra
			Indemnización polas reunións mantidas o días 8 e 20/04/2015, para a tramitación do procedemento de contratación da obra Acondicionamento de camiños en San Xián, San Mamede, Trobe e Vedra (incluída no POS 2015)
Liquidación		71,90	Pereiras Caldelas Mercedes
			Quilometraxe, autoestrada, aparcamento e indemnización por asistencia á Xornada sobre Sigem, Sede Electrónica e Portal de Transparencia celebrada o día 23/04/2015 na Coruña e organizada pola Deputación Provincial
Liquidación		59,50	Vilas Giadanés M <sup>a</sup>
			Quilometraxe realizado no período do



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



		de la Cruz	23/02/2015 ao 20/04/2015
Liquidación	166,25	Couto Rendo, Silvia	Quilometraxe do 2º semestre de 2014
Liquidación	188,75	Couto Rendo, Silvia	Quilometraxe do 1º trimestre de 2015
Liquidación	262,00	Montse de la Fuente Fernández	Quilometraxe de xaneiro a abril
Liquidación	44,25	Sonia Gamás	Quilometraxe de decembro 2014

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

### 5º.- Outros asuntos.

5.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 515/15, no que dona M<sup>a</sup>. Pilar Veiga Calvelo, con domicilio en San Pedro de Sarandón, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 51%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumplir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

5.2.- Escrito núm. 20150000000455 do CRA Boqueixón –Vedra.

Dáse conta do citado escrito no que dona Yolanda Neira Gómez, en calidade de directora do CRA Boqueixón -Vedra, expón que o vindeiro 9 de xuño teñen previsto fazer unha excursión á granxa Apípolis (Pontevedra), e solicita a colaboración do concello para sufragar os gastos do autobús.

A Xunta de Goberno acorda acceder á parte correspondente de Vedra.

5.3.- Convenios de colaboración entre os concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces para a promoción de actividades de xuventude.

Dáse conta do convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón, Vedra e Vila de Cruces que ten como obxecto regular a colaboración entre os tres concellos, no desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de xuventude nos termos municipais de Vedra, Boqueixón e Vila de Cruces, para o que se elaborará unha programación conxunta a desenvolver por ambos os tres incluídos.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado convenio.

5.4.- Convenios de colaboración entre os concellos de Boqueixón e Vedra para a promoción de actividades de voluntariado.

Dáse conta do convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón e Vedra que ten como obxecto regular a colaboración entre os dous concellos, no desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



voluntariado nos termos municipais de Vedra e Boqueixón, para o que se elaborará unha programación conxunta a desenvolver por ambos os dous incluídos.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado convenio.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.